

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA PARA O CURSO ACADÉMICO 2011/12.

PRIMEIRA: OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

As axudas que se convocan mediante as presentes bases teñen coma obxecto a cofinanciación de material escolar dos alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria.

Con esta axudas perséguese a correcta escolarización dos nenos/as pertencentes ás familias empadroadas no Concello de Muros, que non dispoñan dos recursos suficientes segundo a base cuarta.

SEGUNDA: CLASES DE AXUDAS

As axudas reguladas na presente convocatoria responderá á seguinte tipoloxía:

Axudas destinadas á adquisición de material escolar -non se inclúe a compra de libros-, para os alumnos/as de ensinanza infantil, primaria e secundaria matriculados/as en colexios públicos sitos no termo municipal de Muros.

TERCEIRA: CRÉDITO ORZAMENTARIO

As axudas convocadas mediante as presentes bases serán imputadas á partida de "Bolsas de Estudo".

CUARTA: BENEFICIARIOS/AS

Terán a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos:

- A. Estar empadroado no Concello de Muros.
- B. Ter algún fillo/a matriculado/a nalgún curso de educación infantil, primaria e secundaria, nun centro público sito no termo municipal de Muros, para o curso 2011 - 2012.
- C. Non superar os ingresos brutos per cápita da unidade familiar en que estea integrado a cantidade do salario mínimo interprofesional 2011, 8.979,60 euros ao ano.
- D. Aos efectos da presente convocatoria entenderase por unidade familiar o núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes menores de vinte e cinco anos que convivan con eles no mesmo domicilio.

QUINTA: SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA.

A. Presentación das solicitudes.

As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ao modelo establecido que se facilitará no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, nas Dependencias da Concellaría de Servizos Sociais (Centro de Día de Muros) ou na páxina web, www.muros.es.

A presentación de solicitudes, unha vez cumprimentadas polos interesados, farase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI de tódolos membros da unidade familiar, definidos no apartado d) da base cuarta; no seu defecto, poderase presentar fotocopia do libro de familia, na que consten tódolos membros.

2. Fotocopia da Declaración da Renda das persoas físicas do ano 2010. No caso de non estar obrigado pola Axencia Tributaria a presentala, deberase achegar unha declaración xurada na que conste esta circunstancia. Para estes casos, os ingresos anuais xustificaranse da seguinte maneira:

- Certificado do INEM, no caso de recibir prestación ou subsidio de desemprego.

- Certificación do Instituto da Seguridade Social ou organismo correspondente no caso de percibir pensión contributiva de xubilación, invalidez, viuvez ou orfandade.

- Certificación acreditativa no caso de percibiren ingresos procedentes de pensións non contributivas, fondos de asistencia social, rendas de integración social de Galicia ou da lei de integración social de minusválidos.

- Documento acreditativo de pago de aluguer ou hipoteca da vivenda habitual, se fose o caso.

3. Se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar, deberá acreditarla mediante informe social.

4. Acreditación da axuda para os fins previstos, a través da seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de estar matriculado nalgún dos centros públicos ou concertados sitos no Concello de Muros.

5. Volante acreditativo de convivencia.

6. Tarxeta de demandante de emprego, de ser o caso.

B. Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes deberanse presentar no Rexistro Municipal do Concello dende o día 1 ata o día 15 de setembro (ambos inclusive).

SEXTA: PROCEDEMENTO.

A. Exame e valoración das solicitudes.

1. A instrución do procedemento para o outorgamento das bolsas correspóndelle á Concellería de Cultura, Deportes, Xuventude e Educación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe elaborarse a proposta de resolución.

2. A avaliación das solicitudes realizarase pola Comisión de Valoración, integrada polos seguintes membros:

- Presidenta: Concelleira Delegada de Educación ou persoa na que delegue.

- Vogais: Educadora Familiar ou persoa na que delegue; e, Monitor Cultural ou persoa na que delegue.

- Secretario (con voz pero sen voto): Secretario do Concello de Muros ou empregado público no que delegue.

3. O exame das solicitudes implicará a comprobación previa tendente a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixidos. No caso de que algunha das solicitudes tivese algún erro ou omisión emendable, seralle comunicado ao interesado para que no prazo máximo e improrrogable de catro días naturais poida emendar a falta. Se os erros non se corrixisen ou non se cumprisen os requisitos mínimos para ser beneficiario, non se admitirá a solicitude.

4. A valoración das solicitudes realizarase aplicando o seguinte baremo:

A. Membros da unidade familiar.

● Por cada membro da unidade familiar outorgarase un punto. Serán membros computables:

– O solicitante.

– O pai, a nai, o titor ou persoa encargada da garda e protección dos menores que formen parte da unidade familiar.

– Irmáns solteiros menores de 25 anos que residan no domicilio familiar e que non teñan recursos económicos.

– Irmáns de maior idade cando se trate de discapitados físicos, psíquicos ou sensoriais, acreditados mediante documentación.

– Os ascendentes dos pais que residan no mesmo domicilio que os anteriores.

– No caso de divorcio ou separación legal ou de feito dos pais, non se consideraría membro computable aquel que non conviva co solicitante da axuda, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica.

B. Situación familiar:

● Obterán tres puntos adicionais a unidade familiar na que exista algunha das seguintes situacións:

– Familia na que o seu sustentador principal se atope en situación de desemprego.

– Familia numerosa.

– Orfo absoluto.

- Familia na que o seu sustentador principal sexa viúvo/a, pai ou nai divorciado/a ou separado/a legalmente ou de feito.
- Familia na que calquera dos membros da unidade familiar estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada, resida no mesmo domicilio e dependa economicamente dos ingresos familiares. A efectos do disposto neste parágrafo, terán a condición de persoas con discapacidade aquelas ás cales se lles recoñecera un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento.
- Familia na que o seu sustentador/a principal sexa vítima de violencia de xénero, debidamente acreditada.

C.Ingresos económicos:

- Para a ponderación dos mesmos tomarase como referencia o S.M.I., fixando como importe máximo de ingresos per cápita o S.M.I. 2011 (8.979,60 €/ano).
- A renda familiar relacionarase cos membros computables aplicándose a seguinte puntuación:

INGRESOS BRUTOS PER CÁPITA ANUAL		
0,00 €	1.475,21 €	10 puntos
1.475,22 €	2.950,42 €	8 puntos
2.950,43 €	4.425,63 €	6 puntos
4.425,64 €	5.900,84 €	4 puntos
5.900,85 €	7.376,05 €	2 puntos
7.376,06 €	8.979,60 €	1 punto

A estes efectos enténdese por:

- **RENDA FAMILIAR:** A suma da base imponible xeral e a base imponible do aforro (casillas 455 e 465, respectivamente, da declaración do imposto sobre a rendas das persoas físicas), correspondentes ao último exercicio presentado e a todos os membros computables.

Os ingresos da unidade familiar descontarase o alugamento da vivenda ou pagamento do crédito hipotecario solicitado para a adquisición da vivenda familiar, no caso de que se presente xustificación documental. O importe máximo a deducir polo arrendamento ou pagamento da hipoteca será de 300 €.

- Unha vez asignados os puntos a cada solicitante, formaranse grupos de solicitantes en función dos puntos obtidos, asignándose as axudas segundo teñan máis ou menos puntos, cunha contía de **40,00 €** por neno/a.
- En caso de existir coincidencia no número de puntos e non existir máis crédito dispoñible, será beneficiario/a aquela que teña unha renda per cápita menor dentro da cuadrícula correspondente.

5. O órgano municipal competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no Decreto da Alcaldía 302/11, do 4 de xullo, (BOP da Coruña do 20 de xullo de 2011), a proposta da Concellería de Deportes, Xuventude e Educación.



A resolución ditarase no prazo máximo de un mes dende a data de finalización de presentación de solicitudes e conterá a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e de xeito expreso, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A notificación da mesma realizarase persoalmente ou, no caso no que non sexa posible, por correo con acuse de recibo.

SÉTIMA: XESTIÓN

Unha vez ditada a resolución, o Concello entregará un xustificante acreditativo da súa concesión de beneficiario/a. Unha vez entregado os xustificantes ao beneficiario/a:

- Presentará unha factura por valor igual ou superior a 40,00 € de material escolar (recoméndase a compra nunha librería do termo municipal de Muros) na Depositaria Municipal situada na Casa do Concello.

A CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN

Rosario Fernández Piñeiro